



**CONCELLO DA BAÑA
SERVIZOS SOCIAIS**

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA PARA AS SOLICITUDES DE RENOVACIÓN DE PRAZA

En cumprimento do artigo 53.1.d). da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para as solicitudes de renovación de praza non será necesario presentar datos e documentos que xa estean en poder desta Administración, sempre e cando se indique nun documento de que documentación se trata e cando foi presentada. Si será necesario achegar documentación no caso de renovacións de documentos e novas certificacións, en particular:

- DNI/NIE.
- Certificado de empadramento da unidade familiar e, no seu caso, certificado de empresa ou contrato laboral. O certificado de empadramento poderá ser substituído por unha autorización expresa de consulta dos datos do padrón do Concello da Baña.
- Informe do equipo de valoración da discapacidade.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA PARA AS SOLICITUDES DE NOVO INGRESO

1. Copia DNI/NIE das nais, pais, titoras/es e/ou representantes legais.
2. Informe do equipo de valoración da discapacidade.
3. Libro de familia numerosa ou resguardo de ter presentado a súa solicitude.
4. Copias certificadas da declaración do IRPF de cada membro da unidade familiar referidas ao exercicio económico con data de presentación da declaración do IRPF pechada. Se non fose obrigatoria a presentación do IRPF, achegárase certificación de imputación de rendas e certificación de ingresos referida ao mesmo período.
5. Copia da última nómina ou informe da vida laboral.
6. De ser o caso, acreditación da situación de desemprego mediante a presentación da tarxeta de demandante de emprego.
7. Documentación acreditativa da situación de familia monoparental.
8. No caso de vítimas de violencia de xénero: certificado: certificado da orde de protección ou medida de cautela, informe dos servizos sociais ou certificación dos servizos autonómicos de acollida.
9. Certificado de empadramento da unidade familiar e, no seu caso, certificado de empresa ou contrato laboral. O certificado de empadramento poderá ser substituído por unha autorización expresa de consulta dos datos do padrón do Concello da Baña.